



Este documento contén as conclusións da xornada “O Estado da danza en Galicia” organizada polo Consello da Cultura Galega pasado 21 de xaneiro. O contido deste documento foi elaborado e asinado polas coordinadoras desta cita, Natalia Balseiro e Dolores Vila-vedra.

XORNADA O ESTADO DA DANZA EN GALICIA

INFORME. 21/01/2020

A organización da Xornada foi iniciativa da Sección de Artes Escénicas, Musicais e Audiovisuais do Consello, inspirada pola vontade de conseguir os seguintes obxectivos:

1. Introducir a danza na axenda do CCG de xeito máis habitual, especialmente tendo en conta que (pola súa debilidade) en Galicia é un dos sectores máis afectados pola crise.
2. Contribuír a facer unha análise do sector, das súas debilidades e fortalezas, para poder establecer unha axenda de actuacións urxentes e prioritarias nun momento clave como o actual.
3. Consonte as liñas programáticas do actual equipo do Consello da Cultura Galega, empregar formatos diferentes para chegar a novos públicos, de xeito que se optou por un programa de entrevistas en profundidade a axentes relevantes do sector, realizadas por profesionais da comunicación ou especialistas na materia, seguidas de debate aberto co público.

Da xornada, na que participaron como público case 50 persoas, xurdiu unha axenda clara de medidas prioritarias para o sector da danza, na súa maior parte dirixida ás administracións públicas, sobre todo á Xunta de Galicia pero tamén aos diferentes concellos de Galicia e outros entes públicos do noso territorio.

Trátase dunha axenda que dá resposta ás demandas do sector dende un punto de vista global, prestando atención ás distintas fases da creación artística pero tamén á formación, investigación, creación, produción e difusión, así como á preservación da súa memoria.

AXENDA:

No ámbito educativo:

-Reconsiderar a presenza da danza tradicional e contemporánea nos curricula do ensino regrado (primaria e secundaria), así como nos ámbitos educativos formais e informais.

-Habilitar canles tanto para a formación regrada en danza tradicional e contemporánea como para a específica de profesorado da educación pública

obligatoria (empregando vías como os Cefore ou un posible mestrado especializado, por exemplo).

-Promover a presenza da danza tradicional e contemporánea nas aulas extraescolares e na educación informal, poñendo o foco na súa función integradora e inclusiva.

-Creación dun conservatorio ou escola superior de danza de Galicia. Estudar a viabilidade do proxecto de transformación da ESAD na Escola Superior de Música e Artes Escénicas, aproveitando o impulso que para este proxecto se podería derivar do Campus das Artes da Universidade de Vigo.

-Promover a creación de conservatorios de grao medio en todas as cidades galegas.

-Garantir a presenza da danza tradicional galega nos curricula dos conservatorios medio e superior.

-Incorporar as escolas de ensinanzas artísticas ás universidades, o que permitiría e potenciaría a posta en marcha de liñas de investigación aplicada neses ámbitos.

No ámbito concreto da danza tradicional e folclórica:

-Recoñecer que unha das funcións do Centro Coreográfico Galego debe ser a creación de espazos de contacto entre a danza tradicional e folclórica galega, e outras linguaxes artísticas.

-Rematar a declaración como BIC do baile e música tradicionais para poder avanzar cara ao recoñecemento por parte da UNESCO da muiñeira como Patrimonio da Humanidade.

-Promover o recoñecemento institucional e cidadán da danza tradicional por medio da súa divulgación, tanto en Galicia como fóra dela, por medio dunha programación eficaz e duns orzamentos axeitados.

-Posibilitar a profesionalización, regulándoa, dun sector dominado polo amateurismo (fálase de que arestora pode haber ata 20 000 persoas vinculadas ao sector do baile tradicional galego).

No ámbito profesional do sector:

-O Centro Coreográfico Galego debe recuperar e potenciar o seu papel de núcleo de referencia e promoción da danza, máis alá da mera función de centro de produción de espectáculos.

-Desenvolvemento dun Plan Integral para a Danza que aglutine todas as demandas do sector e posibilite un traballo de xeito transversal. Este Plan deberá ser realizado en diálogo participativo co sector.

-Recoñecemento da Plataforma de Afectadas polo Centro Coreográfico Galego como colectivo interlocutor á hora de abordar o proceso de deseño do Plan Integral para a Danza.

-Posta en valor dunha profesión que non xerará demanda mentres non se coñeza.

- Recoñecemento da diversidade existente no mundo da danza, diversidade que debe ser coñecida e recoñecida polos programadores e responsables públicos da cultura en todo o territorio galego.
- Mantemento do Centro Coreográfico Galego con recursos suficientes para o cumprimento dos estatutos da AGADIC, e impulso ao desenvolvemento global do sector.
- Mantemento do posto de Dirección do Centro Coreográfico Galego coas competencias suficientes para poder desenvolver as políticas de estímulo da danza.
- Manter o equilibrio orzamentario entre sectores no marco da AGADIC.
- Promover axudas en concorrencia competitiva específicas para o sector da danza, tanto a nivel de creación e produción, como de investigación, difusión e memoria.
- Promover axudas en concorrencia competitiva para proxectos de mediación cultural, que poidan empregar a danza como recurso estratéxico, en todo o territorio galego.
- Apoio aos proxectos que xurdan das propias comunidades artísticas con medios suficientes, así como crear as condicións da súa continuidade como única maneira de testar a súa viabilidade.
- Creación dun Centro de documentación das artes escénicas, e recuperación dos materiais xa catalogados e arquivados no seu día.
- Renovación da dirección do festival “Escenas do cambio” e convocatoria da praza de Dirección a través dun concurso público.
- Promover e garantir a presenza da danza producida en Galicia nos teatros do nos territorio pero tamén no exterior.
- Impulsar a creación de institucións singulares con proxectos de danza con vinculacións nos territorios onde se insiren acompañadas por profesionais de mediación que poidan apoiar ás persoas programadoras, técnicas de cultura etc. para poder desenvolver proxectos de mediación e relación co territorio.